



Pola presente faise público, de conformidade coa base 7ª das bases xerais que rexen o citado proceso selectivo, que esta Alcaldía ditou resolución de aprobación listaxe definitiva de solicitudes admitidas-excluídas para a provisión de 2 prazas de socorrista polo sistema de concurso-oposición que se transcribe literalmente:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión de 2 prazas polo sistema de concurso-oposición de socorrista (proceso de estabilización de emprego temporal).

Departamento Recursos Humanos

EXPEDIENTE: 2022/E001/000025

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Santa Comba incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, relativas a:
-2 prazas de socorrista(sistema de concurso-oposición),
cuxas bases foron aprobadas por resolución de alcaldía núm 1770/2022 do 27 de decembro de 2022.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm 247 de 30 de decembro de 2022; no TEU e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

No BOP número 38 de 24 de febreiro de 2023 publicouse unha corrección de erros sobre as bases xerais e específicas.

O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 82, de 28 de abril de 2023.

Visto o decreto número 297/2024 de data 29/02/2024 de aprobación provisional de solicitudes admitidas e excluídas para o proceso de selección de 2 prazas de socorrista, publicado no bop número 54 do 15/03/2024.

Visto o informe da Técnica de Recursos Humanos de data 14 de novembro de 2024, de que non existen alegacións dentro do prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da resolución no BOP do 15/03/2024.

Esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE,

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 2 prazas de socorrista/o (sistema de concurso-oposición), do seguinte xeito:

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI	Exento/a Proba Galego
Gil Costa, Daniel	***3917**	Si
Eiras Lueiro, Leandro	***4014**	Si

RELACIÓN DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS/AS

APELIDOS E NOME	DNI	Causa de exclusión
Dosil Carpintero, Javier	***2284**	Pago incorrecto do importe das taxas
Alvarellós González, Martín	***6016**	Pago incorrecto do importe das taxas
Gallego Hernández, Rubén	***8217**	Pago incorrecto do importe das taxas



Segundo.- A listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónico e a título informativo e complementario na páxina web municipal.

Terceiro.- O exercicio da fase de oposición terá lugar o martes 19 de novembro de 2024 ás 15:00 horas na Casa do Concello.

Cuarto.- O tribunal de selección estará formado por:

Presidente: Luz María Vieito Díaz, funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba.

Vogais:

-Elisa Capelo Landeira, persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba.

-Adriano Garabal Casanova, funcionario de carreira do Concello de Santa Comba.

-José Manuel Vázquez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Santa Comba.

Secretario:

-Evaristo Lois Rama, funcionario de carreira do Concello de Santa Comba.

A constitución do tribunal terá lugar o venres 15 de novembro de 2024.

Santa Comba

O alcalde,

Dou fe, A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada"

Santa Comba, 14 de novembro de 2024
O Alcalde,

Alberto Romar Landeira